

**Acta núm. 4/2023.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 14 de marzo de 2023.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.

María Rosa Romero Fariña.

José Luis Sampedro Bouzas.

Non asiste: Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 14 de marzo de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 3/2023, DO 07.03.2023.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 3/2023, DO 07.03.2023.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 07.03.2023, acta núm. 03/2023.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Ramona Pedreira Martínez, na que comunica que vai realizar obras para instalar climatización na vivenda da Avda. Vicente Ramos 44, 2ºE, Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 7248805NH2474N0000PH) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1), e está afectado pola proximidade dun elemento incluído dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificado coa clave TEICBE-1, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 109,84 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 174,41 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JORGE RAMÓN SAA GARCÍA, na que comunica que vai construír un peche en Adoufe 21, Os Ánxeles, coas seguintes características:
.- Peche frontal de fábrica de bloques de formigón e revestido con morteiro branco.
.- Peche dos laterais e fondo de parcela (lindeiros particulares) con tubos metálicos e malla metálica.

A parcela (referencia catastral 6853112NH2465S0000DF) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2). A aldea de Adoufe está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave AE-1, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O peche na parte frontal, a executar en bloque, afastarase a 4 metros do eixo da pista e non superará a altura de 1,20 metros.
.- Os peches laterais e de fondo de parcela non superarán a altura de 1,80 metros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 39,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 104,37 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Lara Caamaño Capitán, que di actuar en representación de JUAN MANUEL PIRIZ JIMÉNEZ, na que comunica que vai instalar 11 módulos de placas solares para autoconsumo na cuberta da vivenda de Liñares 62, Brión, segundo memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Juan Bautista Ramos Palenzuela o 27.02.2023.

A parcela (referencia catastral 5852815NH2455S0001TA) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2, para as áreas non consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 84,67 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 149,24 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANTIAGO ROMERO MARTÍNEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda de Bemil 17, Bastavales, substituíndo a tella vella por tella nova sen incrementar o volume nin alterar a estrutura da vivenda.

A parcela (referencia catastral 7412619NH2471S0001BB) onde se van realizar as obras atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1, para as áreas consolidadas pola edificación, e atópase próxima ao Cruceiro de Bemil, integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado coa clave XBC-2, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 145,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 209,77 euros

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BRAIS MARTÍNEZ FRANCISCO, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda de Bastavaliños 3, Bastavales, substituíndo a tella vella por tella nova e impermeabilizar e pintar a cheminea, sen incrementar o volume nin alterar a estrutura da cuberta.

A parcela (referencia catastral 7518122NH2471N0001XS) onde se van realizar as obras atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1, para as áreas consolidadas pola edificación. A aldea de Bastavaliños está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave XBE-1, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 75,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 139,57 euros

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL PILAR GONZÁLEZ ROMA, na que comunica que vai pintar as fachadas da vivenda de San Salvador 26, San Salvador.

A edificación (referencia catastral 7522904NH2475S0002ZB) na que se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 28,36 euros.

Total: 28,36 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA CAAMAÑO CASTRO, na que comunica que vai substituír as fiestras existentes de aluminio lacado por outras do mesmo material e cor marrón, nunha vivenda sita na Rúa da Fonte 4, Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 6746206NH2464N0001WD) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2 do PXOM, e atópase na aldea do Alqueidón que está integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 01.03.2023 (expediente 3224/22) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural:

.- A substitución de fiestras pretendida comprenderá todas as visibles desde a vía pública, coa finalidade de gardar a debida uniformidade da fachada.

.- En edificacións tradicionais e conxuntos catalogados, como é o caso, considérase preferente manter o material tradicional das carpinterías, madeira. Porén, no caso que nos ocupa, á vista de que este xa non se conserva, pode admitirse a carpintería de aluminio que se propón, sempre que a sección dos perfís sexa similar aos tradicionais e a cor de acabado sexa acorde ao contorno. Neste sentido, e á vista de que o branco é a cor predominante nas carpinterías neste núcleo, resulta a tonalidade preferente; alternativamente, admítense as contempladas para carpinterías na Guía de Cor e Materiais de Galicia para a súa zona, Galicia central (Tomo VII), e morfotipoloxía, R01 (edificación en solo de núcleo rural construída antes de 1960). Non se admiten os acabados imitación madeira.

.- Manterase a posición da carpintería no plano exterior da fachada. En canto ao despece, non se admite manter o actualmente existente, por resultar unha fragmentación excesiva non acorde aos despeces tradicionais. A apertura será de dúas follas, preferentemente sen billotes ou traveseiros decorativos; mais, de colocarse estes, non se admitirán no interior da cámara e serán acordes aos despeces tradicionais que aínda se manteñen no contorno.

.- Os vidros serán transparentes e non serán reflectores nin de cor.

.- Se fose preciso colocar elementos para o escurecemento dos ocos, elixiranse elementos interiores, preferentemente contras interiores de madeira. Non se consideran axeitadas as persianas exteriores por non ser unha tipoloxía tradicional da zona; de seren imprescindibles, colocaranse polo interior e sen que a caixa se perciba desde o exterior.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 18,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 82,57 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CONCEPCIÓN NOVO LODEIRO, na que comunica que vai realizar obras de revestimento do penal esquerdo da vivenda de Tembra 21, Boullón, enfoscándoo e pintándoo en cor branca.

A edificación (referencia catastral 4245801NH2444N0001DT) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 do PXOM, para as áreas consolidadas pola edificación. A aldea de Tembra está integrada no catálogo de bens de interese cultural, identificada coa clave MBE-1, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 33,00 euros.

Total: 33,00 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA NIEVES MOSQUERA RODRÍGUEZ, na que comunica que vai realizar obras de reparación da cuberta da vivenda da

Avd. Santa Minia 15, Brión, substituíndo a tella vella por tella nova, sen incrementar o seu volume.

A edificación (referencia catastral 6255701NH2465N0001QU) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 37,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 101,77 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA GARCÍA CES, na que comunica que vai realizar varias obras na vivenda da Avd. Santa Minia 44, Brión, consistentes en:

.- Cambiar a porta de entrada de madeira pasando a mesma a un extremo da fachada e sobre o oco onde estaba a porta instalar unha ventá de PVC.

.- Executar un muro de fábrica de bloque sobre o lindeiro sur da finca e substituír o peche frontal de arame en mal estado (cancilla) colocando muro de fábrica de bloque.

A edificación (referencia catastral 6357801NH2465N0001UU) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM. A vivenda está afectada por un ben integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado coa clave BE13: antigo cine Mahía.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 01/03/2023 (expediente 3223/22) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A nova ventá que se coloque gardará uniformidade coas restantes existentes na vivenda, en material, forma, dimensións, particións e cor.

.- O novo muro de bloque previsto enfuscarase e pintarase na mesma cor que o fondo da edificación (branco) ou alternativamente nunha cor neutra, preferentemente un ocre entoado coa pedra da vivenda.

.- O peche de bloque non poderá sobrepasar a altura de 1,20 metros, podendo acadar a altura total de 1,80 metros a base de solucións diáfanos (tipo arameira ou enreixados).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 37,63 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 102,20 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSEFINA REY MOURELLE, na que comunica que vai realizar varias obras de pintado exterior das fachadas da vivenda de Trasouteiro 5, Brión.

A edificación (referencia catastral 5268902NH2456N0001OB) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1, para as áreas consolidadas pola edificación. A vivenda está próxima ao Pazo de Trasouteiro, ben integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado coa

clave BE15-BI2, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 50,82 euros.

Total: 50,82 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de ÁNGELA GRELA SANMARCO e CHRISTIAN OTERO FONTENLA, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina, en Sabaxáns 93, Bastavales, segundo o proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.02.2023 (expediente 2300756).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 15013B503235970000MZ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.02.2023 (expediente 2300756).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (superficie de cesión aceptada pola Xunta de Goberno Local de data 20.11.2018), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (beirarrúa de 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.288,59 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.384,62 euros.

CUARTO. - LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Calo Abelleira, que di actuar en representación de ROCIO NIMO SUÁREZ, na que solicita licenza de segregación segundo o proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Calo Abelleira, visado polo Colexio de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña – Pontevedra, con data 30/12/2022 (visado nº 20220962).

Descrición da parcela de orixe:

Finca rexistral: 13.348.

Referencias catastrais: 7142401NH1474S0001YD, 15013B507110070000MQ e 15013B507210070000MD.

Superficie: 9.940,00 m², dos cales 106 m² están ocupados por unha vivenda unifamiliar situada en A Graña 30, Cornanda.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións segundo PXOM:

.- 7.221 m² en solo de núcleo rural, séndolle de aplicación dúas ordenanzas distintas:

.- 1.342 m² sitúanse dentro da zona consolidada pola edificación (NRO-1).

.- 5.879 m² sitúanse dentro da zona non consolidada pola edificación (NRO-2).

.- 2.719 m² situados dentro de solo rústico de especial protección de augas, segundo a Disposición Transitoria 1ª, 2 d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Lindes:

Norte: camiño existente, leito de rego en medio.

Sur: camiño existente, leito de rego en medio, en parte, e Teresa Suárez Pais (1.027)

Leste: camiño de concentración parcelaria.

Oeste: camiño existente, leito de rego en medio, en parte.

Segregación pretendida:

Parcela segregada da finca matriz 1.007-A (PSFM 1.007-A).

Superficie bruta: 2.328 m².

Superficie de cesión: 210 m²

Superficie neta: 2.118 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRO-2).

Lindes:

Norte: resto da finca matriz 1.007 (RFM 1.007), procedente desta segregación.

Sur: parcela segregada da finca matriz 1.007-B (PSFM 1.007-B), procedente desta segregación.

Leste: parcela de cesión a viais e despois camiño de concentración parcelaria.

Oeste: parcela de cesión a viais e despois camiño existente, leito de rego en medio, en parte.

Parcela segregada da finca matriz 1.007-B (PSFM 1.007-B).

Superficie bruta: 5.215 m².

Superficie de cesión: 351 m²

Superficie neta: 4.864 m².

Clasificación urbanística:

.- 2.695 m² en solo de núcleo rural (NRO-2).

.- 2.520 m² en solo rústico de especial protección de augas.

Lindes:

Norte: parcela segregada da finca matriz 1.007-A (PSFM 1.007-A), procedente desta segregación.

Sur: camiño existente, leito de rego en medio, en parte, e Teresa Suárez Pais (1.027).

Leste: parcela de cesión a viais e despois camiño de concentración parcelaria e en parte camiño de concentración parcelaria.

Oeste: parcela de cesión a viais e despois camiño existente, leito de rego en medio, en parte, camiño existente, leito de rego en medio.

Resto da finca matriz 1.007 (RFM 1.007).

Superficie bruta: 2.397 m².

Superficie de cesión: 281 m².

Superficie neta: 2.116 m².

Nesta parcela sitúase unha casa con garaxe adosado polo vento Oeste, da superficie total construída de 173 m².

Clasificación urbanística:

.- 1.385 m² en solo de núcleo rural (NRO-1).

.- 1.012 m² en solo de núcleo rural (NRO-2).

Lindes:

Norte: parcela de cesión a viais, e despois camiño existente, leito de rego en medio.

Sur: parcela segregada da finca matriz 1.007-A (PSFM 1.007-A), procedente desta segregación.

Leste: parcela de cesión a viais, e despois camiño de concentración parcelaria.

Oeste: parcela de cesión a viais, e despois camiño existente, leito de rego en medio, en parte.”

Cesión a viais norte e este (CV-norte e leste).

Superficie: 416 m².

Lindes:

Norte: camiño existente, leito de rego en medio.

Sur: resto de finca matriz 1.007 (RFM 1.007) procedente desta segregación e parcela segregada da finca matriz 1.007-B (PSFM 1.007 - B) procedente desta segregación.

Leste: camiño de concentración parcelaria.

Oeste: resto da finca matriz 1.007 (RFM 1.007), procedente desta segregación, parcela segregada da finca matriz 1.007-A (PSFM 1.007-A), procedente desta segregación, e parcela segregada da finca matriz 1.007-B (PSFM 1.007-B), procedente desta segregación.

Cesión a viais oeste (CV-oeste).

Superficie: 426 m².

Lindes:

Norte: camiño existente, leito de rego en medio.

Sur: parcela segregada da finca matriz 1.007-B (PSFM 1.007-B), procedente desta segregación.

Leste: resto da finca matriz 1.007 (RFM 1.007) procedente desta segregación, parcela segregada da finca matriz 1.007-A (PSFM 1.007-A), procedente desta segregación e parcela segregada da finca matriz 1.007-B (PSFM 1.007-B), procedente desta segregación.

Oeste: camiño existente, leito de rego en medio, en parte.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 842 m2 ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González